



Curso online: **Propostas didácticas centradas no alumno no contexto do proxecto europeo KA2 ENTELS-II**

O **obxectivo final** do curso é desenvolver e analizar as metodoloxías innovadoras e aproximacións e métodos de avaliación para apoiar itinerarios, ritmos diferentes de aprendizaxe co fin de adquirir as competencias necesarias que demanda a sociedade e o mundo laboral.

Os **obxectivos específicos** son:

- ▶ Promover entre o profesorado habilidades e actitudes cara a innovación educativa.
- ▶ Mellorar o nivel de competencia do profesorado para o deseño de contornos de aprendizaxe innovadores, flexibles e creativos apoiados nas TIC (escenarios e materias).
- ▶ Analizar e implementar nas aulas metodoloxías activas e colaborativas de ensinanzas e estratexias e recursos para a avaliación e o seguimento do proceso.
- ▶ Coñecer e aplicar metodoloxías que permitan exercitar as competencias clave e “habilidades do século 21” no alumnado e avaliar a súa adquisición.

O curso de formación online para profesorado **está estruturado** en 4 Módulos/Itinerarios de aprendizaxe (Módulos multimedia):

- ▶ Kit básico TIC (Obrigatorio)
- ▶ Aprendizaxe centrado en el alumno/a
- ▶ Emprendemento
- ▶ Procesos de avaliación e seguimento do alumnado

Requisitos previos: profesorado en activo preferentemente de educación secundaria, manexo básico TIC e conectividade a internet.

Temporalización: febreiro-abril 2016



Tarefas: realización do curso. Os requisitos mínimos para a certificación da actividade será realizar 2 módulos obrigatorios e un proxecto final e implementación de actividades prácticas na aula.

A **Plataforma virtual** de Formación ENTELS está baseada en Chamilo (software libre, sinxelo e intuitivo) Plataforma do curso de formación :<http://campus.entelsproject.eu/>

Ferramentas de comunicación –webminar-, colaboración e xestión de contidos.

Este curso impártese no contexto do proxecto europeo Erasmus + KA2 ENTELS.

Web do proxecto: <https://www.entelsproject.eu>

Tras este curso online haberá unha nova actividade de formación presencial “Conferencia final KA2 ENTELS: As competencias do profesorado para unha educación de calidade e éxito” (28 de maio de 2016).

Nela exporanse as conclusións e boas prácticas resultantes do proxecto para axudar no proceso de ensino-aprendizaxe nas aulas:

- creación de propostas didácticas centradas no alumno (aprender a aprender, pensamento crítico, resolución de problema, creatividade...)
- Desenvolver nos estudantes as competencias clave e desenvolvemento da cultura e espírito emprendedor.
- Estimular ao alumnado para que asuman a responsabilidade da súa propia aprendizaxe.
- “TIC Kit” módulo de capacitación do profesorado para utilizar as TIC no proceso ensino-aprendizaxe.

Este curso enmarcase no desenvolvemento do proxecto europeo Erasmus+ KA2 2ENTELS” 2014-2016.